

## **TORNEO DE FÚTBOL SALA:**

Estamos aquí un ano máis para gozar do torneo de fútbol sala do IES Coruxo. É un pracer poder gozar con todos vós dun deporte que nos gusta moito e agradecerlles tanto ao departamento de Educación Física como ao equipo directivo por deixarnos organizar o torneo xa que sen eles sería imposible.

Aproveitando a ocasión gustaríanos que todos puxeramos un pouco da nosa parte e queriamos pedirvos un par de cousas, (que tamén comentaremos na reunión que celebraremos o día 26 de xaneiro), para que o torneo se desenvolva con normalidade respectando os horarios de clases, coidado e limpeza do pavillón...

O torneo está previsto que se dispute todos os días durante os segundos recreos. Deixaremos uns minutos antes e despois dos partidos para que teñades tempo para chegar a xogar o partido e chegar a tempo ás clases. A puntualidade ás clases é necesaria e innegociable.

Outra cousa moi importante que vos queriamos pedir é que coidedes das instalacións do pavillón e teñades coidado de que non se ensucie. Polo tanto está totalmente prohibido comer no interior do pavillón.

**Santiago Esperón Chamadoira e Nicolás Quintana Rodríguez**

### **NORMAS DO TORNEO:**

- Duración do partido: 15 min a tempo corrido. No caso de perder moito tempo engadiríase 1 min máis.
- Cambios ilimitados, pero deben facerse cando o balón estea parado.
- Se cometes tres faltas sancionárase como dobre penalti.
- Os saques de banda realízanse co pé, e o xogador contrario terá que gardar unha distancia mínima de 2 m.
- Para realizar saques de portería, córners, saques de banda... os xogadores disporán de 5 segundos, e se pasa o tempo será sancionado con cartón amarelo.
- Se un xogador é expulsado, (xa sexa por dobre cartón amarelo ou cartón vermello), non poderá volver ao terreo de xogo e o seu equipo xogará cun xogador menos o resto do partido.
- Están prohibidas as botas de fútbol con tacos.

### **Preguntas frecuentes:**

#### **Cando se van xogar os partidos?**

En principio, os partidos disputaranse todos os días nos segundos recreos, (salvo excepcións). En todo caso, avisarémovos tanto na reunión do 26 de xaneiro como a través do grupo de WhatsApp no que poden estar todos os alumnos do centro que o desexen para informarse dos partidos da semana, resultados...

#### **Canto durará o torneo?**

Segundo os equipos que se inscriban e dos recreos dos que dispoñamos, comentaremos as datas. O sorteo dos equipos e datas darase a coñecer o día 26 de enero na reunión.